

09 DECEMBRO DO 2010 - NÚMERO 843

rdl

REVISTA
**DAS
LETRAS**



Herminio Barreiro

Foi un dos teóricos imprescindibles da pedagogía en Galicia. Máis aínda: foi o mestre dos mestres renovadores que transformaron, de xeito radical, o sistema de aprender e de ensinar no país e que abriron o propio país á vangarda pedagóxica. Pero, ademais, Herminio Barreiro era un filósofo, un home que desentrañaba a realidade, un home que viviu nas veas familiares a represión franquista e cruzou o século XX como unha luzada de intelixencia e revelación. A súa morte, hai agora un mes en Compostela –nacera en Dorrón en 1937–, supuxo a perda dun dos últimos e máis brillantes marxistas que deu o país, cofundador do grupo Brais Pinto –colectivo que marcou o ritmo político e cultural galego desde os anos sesenta–, compañeiro inseparable de Uxío Novoneyra no seu periplo compostelán, activista do Partido Comunista e defensor acérrimo do dereito de autodeterminación dos pobos, Herminio Barreiro deixou a xeito de

***Herminio Barreiro,** testemuño do século*

testamento unhas memorias –*Recordar doe*– que, para moitos, é un dos cumios da literatura memorialística galega. O monográfico de *Revista das Letras* que hoxe publicamos pretende ser un contributo á reconstrución do traballo desenvolvido por Barreiro durante máis de cincuenta anos nun labor interdisciplinar e teimudo, de liberación e de reflexión. Por unha banda, **Miro Villar** achéganos unha entrevista realizada no ano 2003 sobre o eixe de Aleixandre Crieiro –outro dos integrantes de Brais Pinto–, o cal lle dá pé a Barreiro para facer un balance da xénese e das relacións do colectivo. Finalmente, o monográfico recolle unha carta da familia do pedagogo como testemuño da súa gratitude ás persoas que os acompañaron nos difíciles días do adeus.





eu

coñezo a Alejandro Criebeiro, a Alexandre Criebeiro, cando aínda andabamos os dous de pantalón curto, con papel de barba nunha man e difumino lápiz carbón na outra, examinándome de 1º ano de bachillerato no instituto que hoxe é Instituto Valle Inclán, que daquela era o único instituto de Pontevedra. Debeu ser iso, mira, pensando que estaba eu a facer 1º de bachillerato, debeu ser o ano 47 ou por alá, e eu ía examinarme por libre. Eu estudaba na miña casa e ía examinarme no mes de xuño e Criebeiro que estudaba, como ti dis aí, en Marín, onde era ou foi despois porteiro de fútbol do equipo do colexio, pois a Criebeiro coñézoo porque a nai de Criebeiro e a miña nai eran, son mestras xubiladas as dúas e coñecíanse...

–¿Sabe o nome?

Non me acordo [...] As dúas coñécense, eran mestras, e ademais coñecéranse, o meu pai e o pai de Alexandre Criebeiro tamén se coñecían, coñecíanse da época da República e da guerra. Eu coñézoo a el cando el estudaba, como che digo, en Marín, eu estudaba por libre. Daquela vivía eu en Raxó, na casa duns tíos meus, e en Raxó íamos a Pontevedra e alí coincidimos e alí coñecímonos e alí foi a nosa primeira relación, unha relación puramente escolar,

non? E logo a partir de aí xa todos os anos, nos exámenes de xuño e setembro coincidíamos por alí (...) En Pontevedra coincidíamos bastante, coincidíamos bastante porque xa había unha relación bastante próxima ás nais, pois nós tamén intimamos así un pouco. E así foi pasando o tempo, rematamos o bacharelato e eu recordo que marchei para Madrid no 58 e creo que por esa data tamén ou ao mellor un ano antes tamén se fora Criebeiro xa alá.

–Eu teño que no curso 57/58...

Iso é. Eu marchei no 58/59, xusto ao ano seguinte. Entón, que pasa? Pois que aparezo, fun un día polo Centro Galego, que estaba na Praza da Ópera daquela, que era un edificio así, nunha terceira planta, pequeniño, onde coñezo a todo o grupo Brais Pinto alí. Alí coñezo ese día dunha sentada a Bernardino Graña, Ferrín, Patiño, César Arias, Ramón Lorenzo...

–Entón o grupo xa estaba formado?

O grupo estaba formado. Cando eu chego estaba funcionando xa, daquela eu chego por alí, ía ler a prensa e tal, e que pasaba? Despois daquel día vin a Criebeiro, eu coñecía a Criebeiro de Pontevedra, eu coñecía a Ferrín xa de Pontevedra, de ter falado algo alá con Ferrín, por Pontevedra adiante con el sin coñecernos moito, como un coñecemento estudantil, non sabes?, de promoción e demais. El tamén estivera unha temporada na Inmaculada, no colexio da Inmaculada, facendo, facendo, creo que fora en cuarto curso ou quinto, por aí, preparando unhas materias e alí estaba Ferrín, que fala moitas veces disto, da súa etapa nese colexio e entre unhas cousas e outras eu coñecía xa a Ferrín, e coñecía a Criebeiro nada máis. E alí fun coñecendo máis, a Ferreiro, a... coñezo aos demais e incluso me parece que alí naquel momento xa eles tiñan en marcha a edición de Bocarribeira e eu incorpórome un pouco así para botarlles unha man, para axudar, para distribuír o libro de Otero Pedrayo. Acordo que hai unha foto que vén no libro de Ben-Cho-Shey que aínda estamos todos alí, nun cuartíño que había alí preto...

–Está reproducida no libro de conversas de Ferrín.

Ben, e alí trabo amizade con eles e incluso a través de Baliñas, fíxate ben, eu coñecera a Baliñas, a Carlos Baliñas aquí cando el estaba aínda no seminario e preparárame a min filosofía e latín para examinarme en Pontevedra, cando xa me trasladara de Raxó para Sisán, cerca de Cambados, e alí coñezo a Baliñas e Baliñas estivera aquí en Santiago e en Santiago coñecera a Ferrín, a Bernardino Graña e tal, daquela faloume deles e eu cando cheguei a Madrid me acordo que atopei a Bernardino Graña para dicirlle que estivera con Baliñas, que era amigo del e por aquí e por alá. Eu alí coñecín a Bernardino e empecei a miña relación con eles, xa con continuidade, non? E incluso saíamos xuntos a cear, a tomar viños, e tal e cal, e a miña relación con Criebeiro daquela faise máis continuada e como máis política, xa naquel momento. Eu creo que xa daquela un día fomos con Criebeiro á Escola de Cine, fomos á Escola de Cine para ver como filmaban eles, as prácticas que facía el e filmara un día a escena esa que quita Beiras no libro e tal e cal, cunha

man levando un cadaleito, que nos coñecemos bastante. A relación miña de Cribeiro é unha relación así como moi de Pontevedra e ao mesmo tempo como moi de unión pola lembranza dos nosos pais na guerra, como perseguidos na guerra civil e polo tanto de compromiso político. Entón o Cribeiro e mais eu sempre fomos un pouco así, pois había como un compromiso político.

–[pregunta longa sobre as represalias políticas]

Ti sabes que Cribeiro chámase Alexandre porque o seu padriño foi Alexandre Bóveda, ou sexa que non sei ata que punto debeu ser perseguido, pero o pai debeu ter algún problema por amizade, por simples relacións, que eu saiba, non? Non sei se houbo máis cousas, non.

–Por que non tiña ningunha militancia?

Que eu saiba, que eu saiba non, pero tampouco che podo dicir. Tampouco nunca falei nada disto con el, pero che quero dicir que era como se estivera no ambiente. A miña relación con el viña mediatizada porque os dous tiñamos unha preferencia para dicir, non sabes, e incluso falamos destes temas, falamos incluso das familias políticas. E Ferrín cando facía alusión a que o seu pai era xuíz ou se estaba por aquí ou por alá, a ver por onde estaban os pais de cada un situados, porque era, se te pos a pensar a lembranza da guerra civil era a dez anos, a vinte anos vista escasamente e daquela estaba moi vivo, todo moi vivo, todo moi vivo. Ben, a miña relación con el é, ben como che digo, de amizade persoal, mediatizada por esta cousa de parentesco e de compromiso político co Partido Comunista, algo que ía un pouco alá do galeguismo dominante podíamos dicir, é dicir do galeguismo de Galaxia que era o que había, non? Ía un pouco máis alá, pero non ía máis alá non nun senso despectivo senón que ía máis alá porque se pensaba que as inquedanzas culturais podían ser dunha índole e as políticas doutra e que había que navegar a dous niveis, incluso discutíamos que facer, se organizarnos desde o punto de vista galeguista e comunista en Madrid pensando en Galicia ou en Galicia pensando en Madrid [...] Todo iso eran cousas que non estaban moi afirmadas nin eran moi claras, non? Ben, pois así pasa un tempo. Cribeiro ten un compromiso con xente da Escola de Cine. Nós sabemos moitas cousas de cine a través del, como sabíamos cousas de pintura a través de Patiño, como sabíamos cousas de literatura a través de Bernardino ou de Ferrín ou do propio Ramón Lorenzo, porque o que había era unha especie de especialización en todos eles, en todo o grupo, non? É dicir, educámonos todos a todos, achegabamos uns aos outros, non? E desde ese punto de vista eu levaba unha inquietude política, práctica, militante e tal, non sabes?, a través da miña familia, coñecía polo meu pai, de cousas que intuía, de cousas que vin, de xente que coñecía, ben, de xente que coñecía paralelamente aquí en Galicia como era o meu primo Manuel Lueiro que era maior ca min e que era un tipo que tiña moita relación comigo e eu ademais fixera moita amizade con Lueiro porque eu dérame a escribir unhas cousiñas alí no Faro de Vigo cando era bastante neno e no periódico Litoral de Pontevedra, o que levaba Pedrito Rivas, era onde escribín eu tamén algunha cousa e tamén por todo iso, de aí viña a relación, por todo iso.



Unha relación así como moi variada, pero ao mesmo tempo era multilateral a miña relación co grupo, de todos co grupo. Nós tiñamos pola nosa conta outro tipo de relacións e neste tipo de relación eu tiña unha relación bilateral con Cribeiro, de tipo bilateral, moi de Partido Comunista, do exilio, París, Moscova, tal e cual, non sabes?, oír, ver, tal e cal [...] pero organización propiamente non era, coñecementos próximos, achegas, colaboracións esporádicas, non sabes? a través de non sei quen levabas non sei que, que che pasaban non sei canto, estas cousas todas, pero non eran unha actividade organizada naquel momento, non? Iso pasa durante o curso 58/59, 59/60, 60/61, 62/63, dígoos porque no 62/63 xa un pouco se desperdiga o grupo e Ferrín quita a cátedra, Bernardino vaise fóra, Ramón tamén, ben, todo iso. E en cambio eu quedo en Madrid ata o 65, fixen a mili e no 65 fun a Francia, estiven dous anos de lector de español en Francia e mentres estaba en Francia foi cando tivo lugar a morte do irmán de Cribeiro, o pequeno, que morreu nun naufraxio, que era mariño mercante. Eu escribinlle unha carta. Cando viña de vacacións, eu encontrábao en Madrid. Creo que Cribeiro xa casara con Conchita Unamuno que non é [Carmen puxen] non, é Conchita, Concha Unamuno, que é filla de Fernando Unamuno, que era o fillo maior de Unamuno. Ben, pois Conchita Unamuno. Cribeiro casa con Conchita Unamuno e cando estaba eu en Francia no 65/66 e no 66/67, sempre que viña de vacacións a Madrid, porque a familia da miña muller vivía en Madrid, iamos alí [...] Entón aí xa mantivemos unha relación xa diferente eu e mais Cribeiro, unha relación xa puramente dun a outro, xa fóra do grupo, porque o grupo xa se, un pouco, xa se desperdigara. E aí xa tivemos unha relación como moi de militante, moi concreta. Eu xa estivera en París con xente, xa coñecera a Santiago Álvarez e tal, a uns aos outros, é dicir, que tiñamos unha relación así que era moi de comunistas, a relación que tivemos el e mais eu, e ao mesmo tempo tiñamos unha relación de amizade e a nivel familiar e incluso, en cambio nunca tivemos naqueles anos nunha relación tan política que xa



non falábamnos de literatura, curiosamente, e eu sabía que el seguía cos seus poemas e tal e esas cousas, eh, pero falabamos menos de literatura, falabamos de política, de fútbol, porque lle gustaba. Eu moitas veces fun con Cribeiro alá ao campo de Manzanares, ao campo do Rayo Vallecano, botamos ás veces sen poñernos de acordo cando xogaba o Celta, que el era do Celta e eu son do Deportivo e tal, porque no fútbol coincidimos moitas veces, non? E coincidiamos no cine, falábamnos das películas, de todo isto. Pasa así o tempo, eu estou uns anos máis así en Madrid e esta relación seguiu. Cando eu volví de Francia e empecei a vivir en Madrid, no instituto de Carabanchel, a relación con Cribeiro foi xa moi continuada, moi así, moi de colegas, moi de amigos, moi de camaradas. El viña moito á miña casa e nós a casa del, el viña moitas veces a Aluche e eu ao Rastro, cando el vivía alá cerca do Rastro, en Cascorro, e así estivemos ata que vin eu para aquí e despois eu vin para aquí no ano 76, un pouco foi unha suxerencia de Carlos Baliñas, cando xa coa morte de Franco dime: Ti tes que deixar o ensino medio e vir para a Universidade, vir para Santiago e tal. E Cribeiro xa daquela estaba traballando na televisión. Carlos Martínez-Barbeito era un amigo común tamén, un home que fixo moito porque el entrara na televisión, a quen mirabamos con moita frecuencia. E cando eu volví para aquí, Cribeiro viña con moita frecuencia aquí a Galicia, seguimos véndonos aquí e aquí víamonos un pouco case sempre en plan de alterne, tomar cervexas pola noite, tomar os viños e tal. Era unha relación diferente xa, xa non era unha relación familiar, era el e mais eu, a muller, a súa muller e os fillos estaban en Madrid e logo, andando o tempo, terminaría desequilibrándose a súa vida familiar e foi cando se separou de Conchita e se xuntou con Susana Trigo, que é unha rapaza que traballa aquí, pero iso xa foi bastante máis adiante, non?, xa despois de ser el director de Televisión en Galicia. Ben, según relacionándome, como che digo esta

relación aquí en Santiago e logo hai un momento en que o nomean director, que ti o dis aí, director de televisión galega [sic]. Ben, e un ano estiven eu alí nun debate que organizaba el, discutindo sobre Marx. Acórdome de que naquel debate estaba Beiras, Abel Caballero, que máis, había así xente coñecida, Suárez-Llanos, había así xente coñecida, era un debate con ocasión, creo que fora con ocasión do centenario da morte de Marx. Que eu tamén colaborei, fixen unha colaboración en A Nosa Terra, saquei un artigo en A Nosa Terra, que un ano antes eu fora a Inglaterra e estivera alí vendo a tumba de Marx en ..., falando alí coa xente do Centro Galego de Londres, que me invitara a dar unha charla con motivo do Día das Letras Galegas, algo que fora en honra de Vicente Risco no 82 e no 83 debeu ser todo o demais. Entón realiza Cribeiro todo isto. Nos anos 80 xa che digo temos unha relación, unha relación bastante estreita e logo cando el deixa a televisión, non sei en que ano deixa televisión [...] Cando el o deixa, el está un pouco máis en Madrid, viña menos aquí pero cando viña...

–¿Comentoulle as razóns porque o deixaba?

Ai, presionárono moito, presionárono moito. Ben, eu creo que a gota que colmou o vaso foi o retorno de Castelao, que apostou fortísimo. Daquela, cando el volve, cando el deixa de ser director xeral da televisión galega [sic], no 84, non ves?, vaise a Madrid pero el seguía vindo moito aquí, o que pasa e que Susana daquela estaba en Madrid. El estivo un tempo sen vir, vindo menos, pero logo viña máis e, como temos unha relación moi familiar, recordo que cando vén para aquí con Susana, un ano ou dous anos antes de morrer estivo aínda na miña casa con Susana, cos meus pais, falando e todas esas cousas, non? Así que a miña relación, como ves, é familiar por un lado, política, por outro.

–[longa pregunta sobre a súa marcha de TVE] ¿Por que razón o cesan?

El era un tipo demasiado esquerdista para os socialistas. Sabes que el fixera, ademais da serie que ti dis aí de Valle-Inclán, unha cousa sobre Lister. Fixo un documental sobre Lister estupendo, que Lister lle contou cantidade de cousas, puxérono por televisión. Fixo outro sobre Machado, ese si que o pos, non? Valle-Inclán, Machado e Lister son os documentais máis sonados que el fai en televisión. Nese momento, cando el se separa de Conchita e se xunta con Susana é un momento en que eu creo que Cribeiro bebía moito, chegou un momento en que bebía demasiado, entón a el condicionouno [...] Andaba moito por Santiago e facía unha vida moi bohemia, moi bohemia, sabes? Entonces ao mellor eso digo eu que influiría algunha cousa. [...] Eu recordo que eu estivera en Cuba no ano 71 e paseille cando vin de Cuba no 71 discursos de Fidel, revistas, cousas. Neses anos temos falado moito de política e ultimamente volvemos falar de poesía, si, volvemos falar de poesía, como se fosemos, fomos da literatura á política e da política á literatura outra vez, xa coincidindo con ese libro *A señardade no puño*, que eu dixen: ¡Que título máis bonito ese que pos aí! [...] E recitábame algún poema e...

–¿Díxolle porque escolleu ese título?

Si, díxome que el estaba moi queimado por

todo iso que significa a perestroika, a el desconcertouno moito. Daquela estaba así como moi doído con todo iso, non? Entón foi a Cuba, el foi a Cuba, ademais diso que ti pos aí que fora a Chile, que el pasou moito medo en Chile por culpa do avión. En Cuba estivo bastante tempo, recompilando materiais para algo que despois non sei si se chegou a emitir ou non, pero estivera traballando.

–¿El nunca abandonou a militancia no PCE?

Creo que houbo épocas de máis ou menos intensidade, pero el nunca foi destes que di márchome ou tal, non, aguantaba, con constancia. Cribeiro era nisto un tipo, como che diría eu, moi soñador e ao mesmo tempo de moito compromiso moral, de moita fidelidade, non sabes? A fidelidade, a amizade, o compromiso político, respectaba moitísimo todo iso. El niso non era nada intelectual, no sentido de discutir por cuestións, de discutir sobre cuestións teóricas, non era deses. Compromiso si.

–En todo caso el sempre no PCE, non tivo relación co PCG?

Non, el non, e ademais eu creo que a el non lle gustaba, non lle gustaba a xente que naquel momento levaba o PCG, dábame a impresión que non lle interesaba nada. A nivel político sempre se moveu en Madrid e a nivel de compromiso galeguista, nacionalista, sempre aquí. E ultimamente diríache que estaba, era máis nacionalista que comunista. Ultimamente ... máis preto do Bloque, viña moito ver a Beiras, falaba moito con Beiras.

–De feito, dálle os poemas a Beiras.

Todo iso, sentíase moi cerca. Era como si se sentise mal, retornar á familia, retornar á casa e quixera estar na casa, non sabes? Madrid fíxoselle inhóspito e chegou un momento que se veu, chegou un momento que se veu para un piso que tiña en Pontevedra.

–¿E como era esa relación xa non con Beiras senón tamén con Ferrín?

Ben, con Ferrín de sempre. Con Ferrín, xa, como ti dis tamén, a relación co cineclub de Vigo, a súa relación de namoramento con M^a Xosé Queizán. Sabes que M^a Xosé Queizán fora moza de Cribeiro primeiro, daquela había, como che diría eu, complicidades intelectuais e sentimentais cruzadas [...]

–Non obstante, pese a ser tan militante, a súa poesía é pouco social, alén de Vietnam (tamén Novoneyra) pola época, pero a maioría dos textos non, son de sombra, da época.

Eu creo que esa cousa que levaba dentro de poeta ía máis alá de todo. Moi poeta, moi de sentir como poeta, moi de vivir como poeta. O que pasa é que era unha persoa pouco ostentosa, nunca facía ostentación dese sentimento, non sabes?

- Non obstante, dá esa impresión de que non valoraba o suficiente a súa obra poética, porque de feito desde que publica coa xente de Brais Pinto pasan moitos anos ata que recupera os seus libros



da man de Akal, incluso aí habería proximidade ideolóxica, e moitos máis ata ese último libro que saíu postumamente. Parece como de grandes baleiros, como se non tivese aprecio por publicar. E que Cribeiro era un tipo moi humilde e moi esixente. Esixíase e tamén esixía moito aos demais, ademais era unha persoa con condicións poéticas moi determinadas, non sabes? [...] Era unha persoa pouco ecléctica, con compromiso e ademais cunha liña estilística determinada, moi especial.

[Falamos tamén de Amor Ruibal, sen concretar moito] ¿Que me pode dicir dos seus últimos anos?

El pasou así como dous anos enfermo, eu creo. El morreu no 95 e no 93 estivo na casa, pero a enfermidade levouna con tal discreción. O único que se enterou da enfermidade del, de auténtica casualidade, foi Daniel Pino, porque Daniel foi velo á casa e veu que estaba enfermísimo. Ata tal punto que foi unha sorpresa enorme, que un día me chamou M^a Teresa Navaza aquí á facultade e dime que morreu Cribeiro e eu non sabía nin que estaba enfermo. Escondeuno de tal forma que eu non me enterei de que estaba enfermo. Era un tipo así tan pudoroso para esas cousas, non sabes?, cunha vida íntima tan hermética, mesmo ás veces parecía que era unha pose, pero non era pose, era así. A el afectoulle moito, sabes que?, a morte, a el marcouno a morte do seu pai, do seu padriño, sentía como un peso na conciencia, e logo a morte de seu irmán afectouno unha enormidade. Debeu ser no 65 me parece ou no 66, afectouno ... eran separados por dez anos...

[Falamos un anaco máis, sen concretar moito, sobre a súa estreita relación cos pintores Pérez Bellas e Mercedes Ruibal, da súa etapa no cine-club como política de entrismo dos comunistas nas organizacións sociais, de que non era carrillista, da súa relación con Mariví Villaverde e con Valenzuela, e do seu apaixonamento con Carlos Velo e co episodio do secuestro do Santa María]

[Miro Villar]

Miro Villar mantivo a conversa con Herminio Barreiro en abril de 2003 para falar da obra poética de Xosé Alexandre Cribeiro, *Indo pra mais perto* (1979) e *A señardade no puño* (1996), publicada na Biblioteca das Letras Galegas de Edicións Xerais.

As orquídeas de Herminio Barreiro

Hai algún tempo mercou, de camiño a casa, unhas orquídeas. Colocounas enriba da mesa da sala. Esta mesa foise convertendo nunha especie de despacho onde se acumularon, durante este tempo, papeis diversos: libros, cartas persoais, recortes de xornais, impresións de artigos e textos baixados de Internet, informes médicos... Xunto a esta mesa pasou os seus últimos meses, sentado nunha butaca que só abandonaba para ir xantar, durmir, ou para baixar dar un paseo ata o Campus, ou ata a clínica do Doutor Navarrina. Nesa butaca tamén recibía as visitas dos amigos e familiares, e seguía, cada vez con máis indiferenza, os partidos de fútbol televisados, ou algunha que outra película. As orquídeas, unhas fermosas flores malvas, permaneceron alí, tamén, todo este tempo, enteiras, acompañándoo ata o final.

Desde o 6 de novembro, data do seu pasamento, fomos xuntando as mostras de afecto recibidas, de alumnos e alumnas, antigos e actuais, así como as de compañeiros de loita política, colegas e amigos, e as reportaxes de Antón Lopo para *Galicia Hoxe* e de Alberto Ramos para o Xornal de Galicia, a nota de Daniel Salgado en El País, o texto de Ferrín e o seu artigo do Faro de Vigo, o de Neira Vilas de El Correo Gallego e a nota persoal para a familia, o pequeno e emocionante texto de Luis Cochón, a carta ao director de Iolanda Teijeiro en La Voz de Galicia, os poemas-homenaxe de Lupe Gómez e Daniel Pino, a carta enviada a Baliñas no 58, a carta de Sergio Vences, os posts aparecidos en diferentes blogs..., todo o fomos metendo nunha carpeta rosa de plástico, ao pé das orquídeas. Tamén as crónicas dese enterro laico, tan ben organizado, nese difícil momento, por Narciso de Gabriel, que a el, estamos seguros, lle tería gustado: unha reivindicación melancólica e colectiva da vida e da loita, que foi posible grazas á presenza e enteireza dalgúns amigos (Xesús R. Abuín, Daniel Pino, Méndez Ferrín, Luis Cochón, Antonio Vara, Carlos Baliñas, Branca Novo, Lupe Gómez), de Uxío e algúns compañeiros de Brais Pinto, que xa non puideron estar, e dos demais asistentes e amigos. Tamén os distintos correos electrónicos e SMS os fomos lendo ás noites, a carón das flores, ao tempo que relatabamos as chamadas recibidas.

Hai cousas que non semellan reais. Durante os días seguintes á súa partida, pouco a pouco, os pétalos das orquídeas foron caendo e depositándose enriba da carpeta, ou na mesa, como se el, sempre modesto e xeneroso, lle quixese agradecer e devolver a homenaxe a cada unha das persoas que así quixeron despedilo. E mesmo ese pétalo sobre a carpeta dos informes médicos debía querer expresar o seu agradecemento ao persoal do Hospital Clínico, que tan ben o tratou nestes meses de consultas, transfusións e asistencia domiciliaria. Igual que os pétalos sobre as cartas de Lupe, sempre agarimosas, e sobre os libros de Uxío e encol de Uxío, sempre presente.

Hoxe xa non quedan orquídeas, hai unhas semanas caeu a derradeira, pero estamos seguros de que, se por el fose, seguiría botando pétalos a todas as persoas que, igual que nós, o seguen a botar de menos. El dixera unha vez: “o amor move o mundo”, e así reza o seu epitafio. E agora parece que nos está dicindo a todos, a través das súas orquídeas, sempre agradecido á fermosura do mundo natural: “que o siga a facer”. **[Mercedes Martínez, Sonia Barreiro e David Barreiro]**